



**Colexio Oficial
de Biólogos
de Galicia**

NOTA DE PRENSA

O Colexio de Biólogos de Galicia celebrará o Día do/a Biólogo/a 2023 o vindeiro día 12 de maio.

Serán recoñecidos os/as colexiados/as que levan 25 anos inscritos

Tamén serán homenaxeados: Bióloga do ano, Empresas e Institucións do Ano e Membros de Honra

Santiago, 11 de maio de 2022.- O Colexio de Biólogos de Galicia (COBGA) celebrará o Día do Biólogo na Aldea do Sestelo (Teo) o próximo 12 de maio. Será ocasión de encontro e de compartir experiencias e, especialmente, para recoñecer e agradecer o seu esforzo a aqueles colexiados que levan xa 25 anos no colexio.

Este ano entregaranse tamén as seguintes distincións, a proposta e elección dos/as colexiados/as:

Bióloga do ano:

Marisol Soengas González. Polo seu traballo en investigación en melanoma mediante a identificación de marcadores e novos fármacos, o traslado deste coñecemento á práctica clínica e o seu empeño en mellorar o coñecemento sobre o traballo que fan os investigadores.



Empresa (gran):

Stolt Sea Farm 

Stolt Sea Farm.

Polos seus máis de 50 anos traballando no desenvolvemento da acuicultura especializada en produtos de alto valor comercial, como o linguado e o rodaballo, o seu compromiso coa sustentabilidade e a ampla e valorada representación dos/as biólogos/as dentro da empresa.

Institución (gran):

Agencia Europea de Control de la Pesca .

Polo seu traballo na coordinación operativa das actividades de control e inspección da pesca na Unión Europea e no cumprimento da política pesqueira común.





**Colexio Oficial
de Biólogos
de Galicia**

PEME

ProPlantae. Polo seu innovador traballo como laboratorio biotecnolóxico de sanidade vexetal, o seu esforzo na I+D+i no diagnóstico de enfermidades de plantas, o seu compromiso co desenvolvemento sostible e a protección do medio ambiente e a representación dos/as biólogos na súa estrutura.



Institución (pequena):

Sociedade Galega de Historia Natural. Polos seus 50 anos de dedicación na protección da natureza, custodia do territorio e de restauración e conservación do patrimonio natural. Así como o seu labor de divulgación en esos campos a través do seu Museo de Historia Natural.



E os seguintes **Membros de Honra** aprobados na Xunta Xeral do pasado 21 de abril.

Miguel Delibes de Castro. Polos seus máis de 50 anos de investigación sobre pequenos mamíferos e o lince en particular, así como a súa labor de divulgación e conservación da natureza.



Rafael Romero Suances "Chiño" a título póstumo. Polos seus máis de 30 anos de traballo de investigación na conservación da natureza, en especial, sobre a lontra, especies invasoras e os anfibios en Galicia"



O COBGA está formado actualmente por preto de mil trescentos colexiados e creouse en 1987. O 60 % son mulleres.

Colexio Oficial de Biólogos de Galicia
Móbil 682546054 (Pablo Fernandes)
info@biologosdegalicia.org